

# o segredo da pedra figueira

de M.<sup>a</sup> Xosé Queizán

M.<sup>a</sup> Carmen Panero Menor

"Rirás, chorarás, gozarás, vivirás con toda a xente como o paxaro que aleda cos seus trinos ao mozo tristeiro, como o pranto pola amiga morta, como a música que inspira a danza na romeira, como o remedio da curandeira, como o sorriso do compañeiro, como a palabra da escritora [...] asistirás a todo este pobo, durante séculos..."

—"O Segredo da Pedra Figueira", de M.<sup>a</sup> Xosé Queizán—

—...Como a palabra da escritora

Falaba Simone de Beauvoir da sua fortuna de ser escritora pois isto permitíalle expresarse e máis expresar o mundo en derredor.

M.<sup>a</sup> Xosé Queizán ten xa unha historia que acredita nela tal fortuna repartida en distintas pescudas literarias: o relato breve sobre a vida contemporánea, a novela histórica, o ensaio en torno da condición feminina.

Co *O Segredo da Pedra figueira* ofrécenos mergullarnos no Mito e na Fábula, contribuíndo á conformación da corrente fantástica pola que moi frecuentemente decorre hoxendía a Literatura Galega. Mito e fábula de muller e de galega, creación e herdanza, a un tempo, da promesa de asistir ao noso pobo durante séculos.

*A novela. Estructura poética. Recorrência e concentración*

Trátase dun conto ou narración breve que ha caracterizarse por unha forte concentración de acción, espazo e tempo.

Ocorre que o lendario pobo de Tule decide, tras ver invadidas as suas terras nórdicas polos feros Lúrprios, embarcarse cara o sul, para asentárense na antiga Galiza dos Pindos que figura nos planos dos seus sulcamares como un país de águas amáveis e frutos cálidos, e tamén firme fronte ao mar como o granito.

A historia céntrase nunha rapaza que se fai moza cos sábios consellos da sua avoa en tanto que sorteia os perigos da travesía para acabar ben disposta a recibir do máis fondo do novo chan o seu segredo que, muller libre, voluntariamente, decidirá gardar para vivir para sempre entre os seus na terra que se lle entrega.

Lazo, o seu nome, é todo un símbolo entre o mitolóxico da sua procedencia e a realidade que ela elixe. So que, mentres "a neve e os costumes de Tule comezaron a alonxarse do pensamento dos asentados poboadores" ela quedará, ás veces, "cismática e abstraída".

Arte e suxestión, o conto aproxímase á Poesía. O tempo da ficción transcorre, recorrente, "en mortes de sol" —sete, vinte-duas, nove... mortes de sol pasan durante a travesía— até que,

proba final de merecemento, os de Tule logren trespassar o Sepulcro Solar, xunto da Findasol, "unha urbe para a xente perderse, como o sol, e como el renacer remozada, inédita", e ali, xunto dela, cando xa son quen de contar os renaceres, aséntanse. Pero antes do punto final, apoteósicamente, nun cúmulo de tempo que transcorría lento antes, asisten ao asombro dese rexurdir solar sobre o propio túmulo, o lugar onde se confunden, como por un momento, xentes e línguas, culturas e divinidades, precedendo ao remanso final en que, ledos e confiados, atopan o seu ser e a súa palabra.

As estacións do ano son, poeticamente, no libro símbolos do paso da vida. Os de Tule desembarcaron no dexelo primaveril, en xeadada procesión, e son recibidos por un sol de estio que lles abre unha vida plácida e nova. Atrás deixaron o nobre vello Ostrogota para quen "a chegada do próximo inverno coincidiría cos primeiros síntomas da morte".

O espazo, como o tempo, engárganse en suxerencia poética. A vella metáfora que identifica ao mar coa Morte e ao río coa vida son lugares que os de Tule "pisan" perigosa ou esperanzadoramente. O mar —a morte— espreita na travesía, na tormenta ou na calma. O Surcamares Maior que os trasportara é devolto ao mar, surcamortes no mar que separa aos demáis dun pasado destruído: na nova vida os surcamares convertíranse en mariñeiros das rias. Por algo Lazo non nacera xunto ao mar e sabía pola súa avoa que "as augas dos ríos vanse pola terra e volven polo ceo... coa chuvia".

Do ritmo —en fin—, acabado poeticamente por moitas pasaxes, dan boa fe as palabras citadas ao comenzo.

—Persoaxes

Miguel Delibes (\*) define a novela como "un home —unha muller, aquí, unha paisaxe, unha paixón", entendendo paixón por acción ou movemento das personaxes cara unha meta en que se encontrarán realizados por lograren as súas expectativas vitais: así topan os de Tule, digamos, a Terra de Promisión.

Estes, homes e mulleres dun lendario país do Norte, están, en primeiro lugar, dotados dun nome que ou ben está cargado de suxerencia simbolizadora (Sensatanai, Alucínio, Nadonomar, Marpésia, Isolal) e connotación das súas varias personalidades, ou ben están feitos dos ecos doutros tempos como comprende nunha historia fantástica (Ostrogota, Goitila, Marpésia, Medopa).

Seguramente pola exixencia de concentración, un trazo único da súa expresividade é o que se nos dá a coñecer: os ollos, a mirada, que, común a todos eles, constitui un elemento de unidade do relato. De Sensatanai tan só coñecemos un rasgo físico, uns ollos que "foron adquirindo a viveza da fría e continúa observación, a profundidade da reflexión e a luminosidade do razoamento"; os ollos de Alucínio eran "espirrados" e "parecía que se lle saían das órbitas"; o Surcamares Maior "en lugar de ollos semellaba ter pontas aceradas, tan pequenos e incisivos se lles foran quedando ao escudriñar tantas veces os mares e as sombras"; cando a aventura da Illa dos Tesouros, "pontas de cobiza asomaban nos guiños de moitos ollos"; na Custodiante "samente os ollos daban realce a aquela materia árida", ollos que Lazo sentiu que lle "penetraban no corpo, coñecíanlle os sentidos e podían mesmo lerlle o pensamento".

Ademais, en boa correspondencia coa era prelóxica á que pertencen, os seus corpos están feitos de Natureza: "O anciano Ostrogota despedíao cun lene aceno da *sarmentosa* man"; o Surcamares, na perigosa aventura que el relata do mar encalmado, disque a "vivió como unha árbore máis que coma un home". Cando todos se asentaron na nova terra, sustitúen "os brancos matices de neve dos seus ollos nórdicos polo cromatismo dunha terra vizosa e dun mar tornasolado". Os cabelos da Custodiante "parecían pálidas lianas dunha floresta".

Lazo, a heroína, é o exponente do seu povo e a protagonista do libro. É ela que deberá toparse a si mesma nunha ficción que é xusto a exemplificación de tal proceso de modo que o seu ser pode suxerir unha reflexión sobre a condición humana como se espera da boa novela.

Nela concéntrase os rasgos que nos amostraban aos demáis. Xa nos referimos antes á simboloxía do seu nome. Ademais dáenos conta da expresividade dos seus ollos "de mirada nostálgica", "grisallos". A natureza tamén configura o seu corpo "que subía como a garza entre as pedras" e que "se deixaba anegar polo vento dos cumes, sentíndose pedra entre as pedras" coas que comparte arrogancia. A súa mirada fora feita polos biduenos.

Faise na historia da man dos sábios consellos da Sensatanai,

aprende a amar o estudo e a desenrolar a intelixencia, a contemplar o mundo e a bucear en si mesma, a respeitar aos demais e a defenderse con prudencia e valor, a rexeitar a cobiza e mais a soberbia, a comprender que "hai cousas que non teñen explicación" e a "ter os ollos ben abertos para aprender algo todos os días".

Afinal "atópase disposta para todos os achádegos". O primeiro plano na narración, ocupado durante a travesía, polos ensinamentos da avoa, trasládase neste punto á acción de Lazo que para entón xa sabe dominar o medo "porque a curiosidade é máis forte que o medo"; imaxinativa, intelixente, fai Arte da Natureza "respetando as carqueixas como se fosen rosas e os croios como acabadas esculturas": "Por esa razón —dise— foi elexida". Pero, o máis importante, posúe a libre e voluntaria decisión sobre a súa vida: renuncia á divindade que se lle promete



te na Pedra Figueira para pór os pés na terra, para ser unha muller do seu tempo. O mito, a fábula faise nela espello da vida real.

A Custodiante da Pedra Figueira ensínalle a lingua primexénia. "A Palavra —dille— é a Verdade". ¿Así pois, non é a Poesía o Segredo que, "cismática e abstraída", vai gardar para sempre?

*Outros elementos da temática, os modos da narración e o estilo*

Fica, despois do antedito da construción da novela e da creación de personaxes, resaltar algúns aspectos que, na miña opinión, son claves ou punto de partida da mesma, tanto respecto da temática de fondo como da particular voz da escritora.

Cabería facerse nas conclusións unha pregunta que nos pode dar a pauta: ¿E "O Segredo da Pedra Figueira" un conto infantil, xa que fabulado en torno dunha nena? Atrévome a dicir, en palabras dunha feminista do noso tempo, que se trata dunha historia feita "en favor das nenas"; diría máis: en favor das nenas galegas. Pero a imaxe de Sensatanai que lles conta vellas lendas aos nenos e as nenas seguidas con atención polos maiores, cando poden descansar das súas tarefas, ilustra a resposta.

A dignidade da muller e o amor a Galicia latexan, sinxela e emotivamente no fondo da novela, tan próxima ao poema como vimos. As xentes de Tule vivían alá no seu lexendario país en pe de igualdade. Este tema é suxerido cunha naturalidade que o fai verosímil: por exemplo cando o vello Ostrogota se despide deles que, por un momento, se sinten orfos de xuíces e conselleiros, dilles "para iso levades a Sensatanai"; o coidado de Lazo confíase ao pai, mentres a nai parte para a conquista da nova terra. Polo demáis, homes e mulleres toman parte por

igual nas assembleas de goberno de Tule e a defensa do pobo está nas mans de bizarras guerreiras tanto como de pertrechados cabaleiros. Non en vano os seus devanceiros eran "os esposos das Amazonas"...

O mundo novelesco cobra vida propia pola habilidade de ser narrado a través da acción ou da contemplación dos propios persoaxes, de tal xeito que os vemos cantar ou tremer, precipitarse ou reflexionar, encadearse ou escoller a súa propia vida.

A voz da narración, aparentemente externa aos feitos, testemuña o que estes lle parecen ou asegura o que, sen dúbida, é por eles evidente. Pero intérnase no relato de xeito sutil: os epítetos emotivos adicados á paisaxe dannos unha mostra do que decimos: "esa terra verde, surcada por pequenos ríos que regaban ribeiras vizosas e amenos vales protexidos por altas montañas e cheos de frutas aromáticas. O mar lambía as costas e entraba, como linguas ondulantes, pola terra onde se sereaba formando acolledores lagos marinos moi ricos en peixes con couraza". Outras veces, o uso do epíteto serve de contrapunto humorístico: os bramidos do vello dragón de Tule eran "fanfarróns", Sensatanai "fachendosa" e Findasol unha urbe "disparatada".

Contrapunto ofrécenos a linguaxe fantástica, aprendida nas "runas" e os "vellos cánticos dos bardos" e "os amuletos", coa linguaxe coloquial cotidián: dise, por exemplo, que "quen canta os seus males espanta" ou ben, "Avoa, qué cachaza tés".

Imáxes tan fermosas como a das mozas de Tule penteando os seus longos cabelos no espello de lagos de cristal contrastan con outras terroríficas como a do descuartizamento do rei Goitila ou a calma do mar sentido como un polvo pegoñento.

De particular relevo, pola súa orixinalidade, son algunhas

fantásticas trasposicións ou metamorfoses, terríbeis como a das mulleres da Illa Lobeira ou divertidas como a dos ollos dos fillos do Sol Nacente, que os teñen achinados a causa do brillo solar.

A narración anímase lentamente nun dobre plano de fantasía, a ficción da viaxe padecida na navegación xunto das historias que nela se contan cargadas de indicios e referencias. En cámbio, no momento máis álxido, sucede todo rápido e caótico, en acumulacións enumerativas, que xa citamos antes ao referirnos ao tempo en Findasol.

Por fin, Literatura na literatura, o sentimento da lingua resérvase para o final. "Non existe o que non ten nome". A Pedra Figueira garda o segredo da Palabra, para que os de Tule, coa lingua primixénia, acaben de conformar o seu ser propio. A palabra formando parte da terra, dunha terra de doces revestimentos do granito: tamén da Pedra Figueira surxen os salgueiros.

#### *Ainda encol do Mito*

"Sistemática, teimosa, incesante o home —a muller— volta ao mito da xeira prelóxica... desce arreo ao pasado ou mergúllase nel coa esperanza de atopar obxectos esquecidos, mundos de porvir, actitudes lonxanas reflexadas no tempo ou non infindos espellos do tempo", di outro poeta de noxe ha introducción aos seus poemas (\*)

Así a Palabra do *Segredo da Pedra Figueira* ...Como a palabra da escritora.

(\*) "Encuentros con Miguel Delibes". Camp de L'arpa, nº 81.

(\*) VAQUEIRO, V. A Fraga Prateada. Edt. "Galaxia" Vigo 83.

